

IMITACIÓN Á VIDA

Douglas Sirk, 1959

1365

ESTREA EN NUMAX: 28.08.2024 | V.O.S.G. | 124 min

Lora Meredith (Lana Turner), unha actriz viúva en paro, vive coa súa filla adolescente (Sandra Dee) en Nova York. Un día, coñece por casualidade a Annie, unha muller negra (Juanita Moore) á que contrata como serventa. Ese mesmo día coñece tamén a Steve (John Gavin), un fotógrafo que namora dela. Un dos cumios do melodrama social de Douglas Sirk e un dos primeiros filmes de Hollywood en denunciar o racismo de maneira explícita.

«O melodrama por antonomasia,
Sirk en estado puro. (...)»
Unha absoluta obra mestra»
Miguel Ángel Palomo, EL PAÍS

A proxección, incluída nas actividades do Festival C, celebrarase ao aire libre na parte final da rúa Concepción Arenal. Acceso libre até completar aforo. Organizan Concello de Santiago e Deputación da Coruña.



Compostela
Cultura



CONCELLO DE
SANTIAGO



Deputación
DA CORUÑA



Entrevista con Douglas Sirk: «Trátase dun filme que quere impresionarte até o punto de que algo mude no teu interior»

Por Antonio Drove

Imitación á vida é o seu último filme. É un filme social pero tamén un filme sobre a interpretación. En certa maneira é unha película política. Interesoume principalmente porque a situación dos negros en América chegara a un punto crucial tal que me parecía que algo tiña que facerse ao respecto. Nós tiñamos empregados domésticos de cor, coñeciamos xente de cor, mesmo intelectuais de cor... pero había unha gran fenda entre brancos e negros que tiña que pechase, un canón que, digamos, separaba brancos e negros na sociedade. Falando politicamente, e non me refiro ao sentido habitual que se lle dá á palabra política, senón ao sentido filosófico, antes ou despois ten que resolverse esta cuestión. Por iso me produciu unha gran satisfacción ter feito *Imitación á vida* e creo que tivo éxito porque unha vez estreada recibín cartas e telegramas de xente de cor felicitándome pola película e dicíndome o moito que fixera o filme pola súa raza. E vindo da Alemaña de Hitler, o concepto de raza é algo que coñeces moi ben, pódeme crer.

O filme é bastante fiel ao seu título: unha imitación á vida. Trata dun grupo de persoas, e por un grupo non me refiro a xente que vive xunta ou ten intereses en común, senón a xente diversa que comparte o desexo de escapar das súas vidas respectivas. Queren fuxir das súas vidas, o que é unha situación humana moi interesante. Esta moza medio branca, medio negra, que quere fuxir da raza da súa nai, da cor da súa nai, define o estilo da película, en certa forma; a moza actriz á que dei o papel tiña moi pouca experiencia, apenas ningunha. Tampouco era unha actriz con formación. Porén, era unha moza intelixente e ensaiou moito. Logrei levala até un punto de interpretación tal que lle deron unha nominación da Academia.

Pero volvamos ao título. Para min sempre foi un feito interesante -non só para facer películas senón digamos tamén na vida- o feito da imitación, o desexo de imitar. Porque o ser humano nunca está satisfeito da súa condición, case todos queren mellorar, fuxir. Pero isto só en contadas ocasións se consegue. Un pobre secretario dunha oficina miserenta ten que ficar alí aínda que el quere imitar a vida, converterse noutra cousa... e isto é o terrible, porque se non podes fuxir da túa situación dada na vida, cando menos podes asumila, aferrarte a ela, tratar de aproveitala ao máximo. Pero moita xente, e é natural, algo normal, tenta escapar, fuxir cara a outras vidas. (...)

Como tema para unha obra de arte este tipo de conflitos teñen grande importancia sobre todo se vai alén da busca dunha mellora económica. E a cuestión racial ten relevancia. Este foi o factor principal que me deu azos para facer esta película, que xa fora feita en branco e negro anteriormente por outro director e era tamén un bo filme. O éxito acadado por *Imitación á vida* é significativo xa que se trata dun filme que se dirixe ao ser humano. Non é do tipo de filmes que queren entreter con calquera historia. Este filme, dalgún xeito, quere cambiarte, impresionarte até o punto de que algo mude no teu interior. Por suposto, conseguilo supuxo un traballo duro. Os distintos personaxes que están presentes teñen que estar interpretados con precisión, con xusteza. Creo que, cando menos neste filme, conseguino.

Finalmente a única que acada o que busca no filme é Lana Turner, que consegue converterse nunha grande estrela. Pero nin sequera así acada a felicidade. Todo o mundo vai detrás de algo, pero ao conseguilo tampouco é feliz. Se foxes de ti, regresa a ti mesmo e tenta amarte tal e como es en vez de ser outro.

Publicado en *Tiempo de vivir, tiempo de revivir. Conversaciones con Douglas Sirk* (Antonio Drove, Athenaica, 2019)



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Imitación a la vida,
Douglas Sirk.
Feel films [BD]

*Tiempo de vivir, tiempo
de revivir,*
Antonio Drove.
Athenaica, 2019

Interludio de amor,
Douglas Sirk.
Feel films [DVD]

NUMAX
numax.org